

LA AMIGA DE MI AMIGA

Zaida Carmona, 2022

1064

ESTREA EN NUMAX: 06.02.2023 | V.O. | +16 | 89 min

Teñen trinta anos pero viven como cando tiñan vinte, aínda que xa non teñen idade para converterse en novas promesas. Están namoradas do amor pero, na súa procura, esnaquízanse unha a outras, errando de exmoza en exmoza, de relación en relación.

Co pop e a autoficción como pano de fondo e a aparición dunha coñecida cantante que nunca sabemos se é do todo real, A amiga da miña amiga é un xogo que se inicia cando Zaida, despois dunha ruptura, volve á cidade.

«Resulta ser unha marabilla, bela e divertidísima»

Júlia Olmo, CINEUROPA



Entrevista con Zaida Carmona: «Ás veces, aínda que queiramos moito, queremos regular»

Como describes o filme a alguén que non coñeza a historia? É unha comedia romántica, aínda que por momentos non é tan comedia e por momentos non é tan romántica. É tamén unha comedia de enredos. Que pretende ser unha homenaxe á amizade, ao amor e tamén ao cinema. É un filme que quere ser un conto moral, un canto á xuventude de rapazas que xa non son tan novas. Vai sobre querer moito pero querer regular, de aprender a amar sen referentes, de pasalo moi ben e de facelo algo mal.

Cando nace a idea de *La amiga de mi amiga*? Naceu no confinamento, como tantas obras e tantas cousas dos últimos anos. Confinada, volví obsesionarme con algúns filmes de Rohmer. Un día conteillo por teléfono a Marc Ferrer, que é o cineasta máis valente e kamikaze que coñezo, e animoume a escribir unha especie de adaptación de *El amigo de mi amiga* (Rohmer, 1987), pero protagonizado polas miñas amigas, moi *bollero*, por suposto, no que contaran as historias que lle contaba a el. A idea xurdiu rápida, supoño que escribir esta ficción nos permitía, dalgunha maneira, saír da hibernación obrigatoria na que estabamos sumidos. A partir do guión podíamos imaxinarnos coas nosas amigas, coas nosas amantes, os nosos enredos e nos bares de sempre.

Canto hai de realidade e de ficción na historia? Entre toma e toma, a verdade asoma. É difícil responder esta pregunta porque o filme transita, constantemente entre a realidade e a ficción. Nun xogo de autoficción no que nos narrativizamos constantemente. Poderíamos dicir que os seus personaxes son personaxes reais vivindo situación ficticias. Situación ficticias que nalgúns casos se parecen demasiado á realidade.

As comedias románticas son un xénero a veces deostado polo sector máis crítico da industria, que opinas ao respecto? Pois que é unha soberana parvada, pero supoño que non é casualidade que un xénero asociado tradicionalmente ao feminino sexa deostado. Tamén foron deostados os melodramas nos 50 incluíndo un dos mellores cineastas da historia como é Douglas Sirk porque facía “filmes para mulleres” (como se isto fose algo malo). Por outra parte, é certo que tragamos comedias románticas cuns valores e uns contidos tremendamente machistas que nos inculcaron a toxicidade do amor romántico no ADN.

Fai un par de anos, a comedia romántica parecía estar totalmente morta, pero penso que está rexurdindo estes últimos anos con propostas moi interesantes que queren reivindicar este xénero, o xénero (que agora me atrevo a dicir) é o meu favorito. O éxito de *A peor persona do mundo* (Joachim Trier, 2021) para a crítica e o público é un exemplo de que a rom-com está volvendo cun lavado de cara que lle senta moi ben!

Unha comedia romántica de enredos lesbianos, é necesaria máis visibilidade no cinema do colectivo? Creo que son necesarias moitas miradas, moitas visións, moitos referentes e moitos cineastas que nos amosen unha realidade queer, a súa. A nosa identidade e a nosa realidade é diversa e complexa, non se pode visibilizar toda ela nun ou dous filmes ao ano, necesitamos moitas miradas que reflectan e representen de maneira poliédrica. Así que si, é necesaria máis visibilidade, máis e, sobre todo, máis diversa.